

O CONTO DA MOURA

No alto do S Roque había unha Ermida que deu nome o Val da ermida. Neste val encontrábase un penedo calizo, que agochado nel atopábase unha cova na cal vivía unha moura. Esta saía tomar o Sol ó penedo e cun peite de ouro peiteaba os seus fermosos e longos cabelos. Sabeliña, que era unha rapaza de Hospital, ía tamén por alí, lindas as súas ovellas e fixéronse amigas. Cada tarde antes de marchar pra casa ía onda moura a que lle peitease o seu longo e enredado cabelo e tamén lle lavara a cara cun xabón moi especial para así marchar cada día un pouco máis leda e fermosa do que vinta. Cando a rapaza chegara a casa os seus familiares notaban que cambiaba moito desde que marchara pola mañá. Estes insistentes prexonaronna para que lles contara o segredo. A rapaza contoulle. Pero que pasou que a moura non quería que ninguén soubera o seu segredo, e ~~afixou~~ ben avisada, avisoua e non lle fixo caso pra nada. Foi o día seguinte cando sucedeu a traxedia, a moura decatouse de que revelara o segredo e botoulle en cara. Total que Sabeliña non volveu xamais a casa e esa mesma noite os pais preocupados do que lle puidera pasar porque non a parecía nin a rapaza nin as ovellas, o día seguinte tamén berrando: hã! Sabeliña, Sabeliña onde estás. Do penedo xaiu unha voz ameazante que dicía: Sabeliña, Sabeliña derretida en aceite pra xabón co cal logo ela lavábase o seu cabelo.